

INSTALACIÓN DE DISTRIBUCIÓN POLO MIÚDO
DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS.
SUBMINISTRACIÓN A VEHÍCULOS

EDITA

XUNTA

DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

ELABORA

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

DESEÑO/MAQUETACIÓN

cristinazzdesign

ANO DE EDICIÓN

2021

INSTALACIÓN DE DISTRIBUCIÓN POLO MIÚDO
DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS.
SUBMINISTRACIÓN A VEHÍCULOS

Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Secretaría Xeral Técnica

Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa

ÍNDICE

- PAX. 07 1. Introducción.
- PAX. 08 Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- PAX. 08 Catálogos.
- PAX. 09 Distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos. Subministración a vehículos.
- PAX. 10 Esquema do proceso.

- PAX. 11 2. Elaboración do proxecto.

- PAX. 15 3. Trámites preliminares.

- PAX. 19 4. O procedemento único integrado.

- PAX. 21 5. A solicitude de iniciación do procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos líquidos petrolíferos. Subministración a vehículos.
- PAX. 28 O modelo de formulario normalizado.

- PAX. 31 6. Admisión da solicitude e integración dos trámites administrativos necesarios para a implantación das instalacións.

- PAX. 33 7. Finalización do procedemento integrado e execución do proxecto único.

- PAX. 37 8. Inscripción no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos. Subministración a vehículos.
- PAX. 39 Actuacións previas.
- PAX. 41 Inscripción como instalación de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos. Subministración a vehículos.

- PAX. 43 9. Información en materia de solos e comunicación de produción de residuos perigosos.
- PAX. 47 Anexo I. Limitacións aos vínculos contractuais de subministración en exclusiva.
- PAX. 47 Anexo II. Obrigas derivadas da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

1. INTRODUCCIÓN

LEI DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DE APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

O Parlamento de Galicia aprobou recentemente a **Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.**

Esta lei ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia.**

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que lle **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a este.**

CATÁLOGOS

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos**, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificase que a través do Sistema de Atención ao Investimento se poderá acceder aos "catálogos en que se recollen de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento".

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

A DISTRIBUCIÓN POLO MIÚDO DE PRODUTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS. SUBMINISTRACIÓN A VEHÍCULOS

Este catálogo ten por obxecto describir o procedemento necesario para a implantación e posta en funcionamento de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos, polo que cómpre comezar delimitando de forma breve que entendemos por distribución polo miúdo.

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, determina que serán **operadores por xunto** aqueles suxeitos que comercialicen produtos petrolíferos para a súa posterior distribución polo miúdo. É dicir, son aqueles que non teñen por obxecto a venda ao usuario final. En todo caso, terán tal consideración os titulares de refinarias e plantas de produción de biocombustibles.

No caso dos operadores por xunto, a normativa establece certas especialidades relativas ao suxeito promotor, xa que unicamente poderán actuar como operadores por xunto aquelas sociedades mercantís que cumpran as condicións que se establezan regulamentariamente, entre as que se inclúen requisitos relativos ás persoas solicitantes, como son dispoñer da suficiente capacidade técnica ou atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.


Pola contra, a **actividade de distribución polo miúdo**¹ de produtos petrolíferos líquidos, consistente na subministración ao usuario final, poderá ser exercida libremente por calquera persoa física ou xurídica, de conformidade coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e comprenderá, entre outras, a subministración de combustibles e carburantes a vehículos en instalacións habilitadas para o efecto.

O artigo 43.2 da citada norma establece que as administracións autonómicas, no exercicio das súas competencias, deberán garantir que os actos de control que afecten á implantación das instalacións de subministración de carburantes polo miúdo se integren nun procedemento único e ante unha única instancia.

Este procedemento coordinará todos os trámites administrativos necesarios para a implantación das ditas instalacións con base nun proxecto único.

Consonte todo o anterior, neste catálogo centrarémonos nos proxectos que teñan por obxecto a subministración de combustibles e carburantes a vehículos, en instalacións habilitadas para o efecto, que se rexan polo **Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos** (DOG n.º 68, do 13 de abril de 2015).

1 / Artigo 43.1 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.



2. ELABORACIÓN DO PROXECTO

Para poder iniciar a actividade de subministración de carburantes e combustibles petrolíferos líquidos polo miúdo para a subministración a vehículos non se exige o cumprimento de requisitos previos de carácter específico relativos á figura da persoa promotora, polo que esta actividade poderá ser exercida libremente por calquera persoa física ou xurídica.

As persoas interesadas deberán proceder á elaboración do seu proxecto, tendo en conta que as instalacións necesarias para o exercicio desta actividade deberán cumprir coa normativa técnica e de seguranza preceptiva para cada tipo de instalación, así como cumprir co resto da normativa vixente. Neste senso, resultará necesario que a persoa promotora observe o cumprimento de normativa específica que se relaciona cos seguintes aspectos:

LOCALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

O primeiro que debe saber a persoa promotora deste tipo de actividades é que para realizar as obras precisas para levar a cabo a actividade debe ter en conta a normativa urbanística e de ordenación do territorio, a normativa de estradas e tamén a existencia de determinadas autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, en función das afeccións derivadas da localización do establecemento e das actividades concretas que consten no seu proxecto.

- Normativa de estradas, sendo aplicable a que proceda en función da titularidade da vía.
- Normativa sectorial en materia de patrimonio cultural.
- Normativa de augas.
- Outras que procedan segundo o caso concreto.

Estas son cuestións que poden supoñer a imposibilidade de realizar un proxecto nunha determinada localización concreta.

PROXECTOS QUE INCLÚAN ACTIVIDADES ANEXAS

Os servizos e establecementos anexos ás instalacións, tales como tendas, restaurantes, cafetarías, servizos e aseos hixiénicos, autolavado, talleres de reparación, venda de repostos, etc., regularanse polo disposto nas normas específicas de aplicación e nas disposicións reguladoras da publicidade e marcación de prezos.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS INSTALACIÓNS

A persoa promotora deberá ter coñecemento da normativa que se refire a garantir a seguridade e establecer os requisitos técnicos das instalacións, que atopará nas seguintes disposicións:

- Lei 21/1992, do 16 de xuño, de industria.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións petrolíferas.
- Real decreto 706/2017, do 7 de xullo, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MI-IP 04 "Instalacións para subministración a vehículos" e se regulan determinados aspectos da regulamentación de instalacións petrolíferas.
- Orde do 24 de maio de 2006 pola que se crea e se regula o Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos.

CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN DO PRODUTO

A persoa promotora deberá ter en conta o sinalado nas seguintes disposicións:

- Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.
- Real decreto 2487/1994, do 23 de decembro, do Estatuto regulador das actividades de distribución por xunto e de distribución polo miúdo mediante subministracións directas a instalacións fixas, de carburantes e combustibles petrolíferos.
- Real decreto-lei 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización, reforma estrutural e incremento da competencia no sector de hidrocarburos.

En función da realidade que derive dos aspectos sinalados no anterior cadro, existirá unha gran diversidade de proxectos, con características heteroxéneas, que deberán ser analizados polo miúdo en cada caso concreto para garantir a súa viabilidade.

Este catálogo céntrase en definir, de forma simplificada, as fases dos proxectos que sexan tramitados no ámbito do **Decreto autonómico 45/2015, do 26 de marzo, que ten por obxecto a regulación do procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e a determinación dos órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos** no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, sen entrar a definir os aspectos particulares que poidan derivar de cada proxecto.

3. TRÁMITES PRELIMINARES

O primeiro paso que debe dar a persoa promotora para a implantación das instalacións é **comprobar o réxime urbanístico que resulta de aplicación na parcela ou edificación na cal pretende implantar a dita actividade.**

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

“Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento en que se atope incluído. Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder os dous meses desde a presentación da solicitude no rexistro municipal”.

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes exigencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de calquera outro trámite, co fin de **determinar a viabilidade urbanística da actuación.**

INFORMES OU AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela, entre as que cómpre destacar neste caso as relativas á normativa sectorial de **estradas**, pode consultala calquera persoa interesada no **Plan básico autonómico de Galicia**, que constitúe unha ferramenta dinámica que resulta indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que lle permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante desde o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa comunidade autónoma.

O visor do Plan básico autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón:

<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

IMPLANTACIÓN EN SOLO RÚSTICO: RÉXIME XURÍDICO

O artigo 35.1.i) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 50.1.g) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, contempla entre os usos admisibles no solo rústico as estacións de servizos.

A implantación das ditas actividades resulta admisible no solo rústico previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección deberán solicitarse a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Deberán cumprirse as condicións de edificación previstas no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no correspondente planeamento urbanístico.

4. O PROCEDIMENTO ÚNICO INTEGRADO

O Decreto autonómico 45/2015, do 26 de marzo, establece un procedemento integrado polo cal as persoas promotoras poderán, a través do órgano competente para a instrución e resolución, acceder á información sobre **todos os trámites necesarios para a implantación das instalacións e o exercicio da actividade**, así como á realización destes, incluíndo as declaracións e solicitudes necesarias para obter as autorizacións e licenzas precisas.

A persoa promotora debe ter en conta que, dende a aprobación da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, **non está obrigada a iniciar os trámites sectoriais e municipais preceptivos a través de este procedemento integrado**. Poderá optar por iniciar a tramitación destes procedementos ante os órganos sectoriais e ambientais, competentes, en función do seu proxecto concreto, e posteriormente remitir ao concello a solicitude para o inicio dos trámites municipais. Nestes casos, a persoa titular da instalación, unha vez finalizada a súa execución e previamente á súa posta en servizo, deberá presentar unha comunicación de forma previa ao inicio da actividade a través do modelo normalizado IN624C, que trataremos posteriormente, de forma que a presentación da comunicación comportará a inscrición de oficio da instalación no rexistro.

No caso de que a persoa promotora opte por iniciar a tramitación do procedemento integrado, o órgano competente para a instrución e resolución do procedemento único integrado é a **Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais**, que garantirá que persoas interesadas poidan:

- Obter toda a información e formularios necesarios para a implantación das instalacións e o exercicio da actividade.
- Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias.
- Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a condición de persoas interesadas e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a súa resolución polo órgano administrativo competente.

Deste xeito, a consellería competente en materia de industria constitúese como o **portelo de tramitación único** perante as administracións que, por razón de materia, participen na tramitación dos expedientes administrativos de implantación destas instalacións.

5. A SOLICITUDE DE INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO
INTEGRADO PARA A IMPLANTACIÓN DE INSTALACIÓNS
DE SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES E COMBUSTIBLES
PETROLÍFEROS LÍQUIDOS POLO MIÚDO A VEHÍCULOS

As **solicitudes de iniciación** do procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos **presentaranse xunto co proxecto único industrial e de construción da instalación** asinado por persoal técnico titulado competente.

O proxecto único deberá cumprir os requisitos indicados na lexislación de estradas e do solo; ser conforme coas normas técnicas e de seguraza aplicables; e, como mínimo, deberá conter:

- **Memoria** na que se recollan as seguintes cuestións:

... Situación da instalación.

... Características principais.

... Relación das afeccións da instalación, de ser o caso, a bens ou servizos dependentes das administracións públicas, organismos e empresas de servizos.

- As **separatas técnicas** relativas ás afeccións da instalación, de ser o caso, a bens ou servizos dependentes das administracións públicas, organismos e empresas de servizos de interese xeral.

- O **orçamento** do conxunto da instalación.

- **Memoria ambiental** necesaria para cumprir o trámite da **avaliación de incidencia ambiental**, na que se detallen²:

1.º Os aspectos básicos relativos á actividade, a súa localización e repercusións no ambiente.

2.º Os tipos e cantidades de residuos, verteduras e emisións xerados pola actividade, así como a xestión prevista para eles.

3.º Os riscos ambientais que poidan derivar da actividade.

4.º A proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol da incidencia ambiental.

5.º As técnicas de restauración do medio afectado e o programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade.

6.º Os datos que a xuízo da persoa solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente.

- **Xustificación do cumprimento da lexislación de estradas**, segundo o establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e a normativa que a desenvolve, ou, no caso de estradas estatais, na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, e na normativa que a desenvolve.

Para os únicos efectos de que a Administración titular da vía pública informe sobre a viabilidade das instalacións á persoa promotora, como medida previa á formalización da solicitude de implantación, poderá formular **consulta previa** presentando a documentación prevista na normativa de estradas aplicable ante a **Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais**, que trasladará a consulta recibida á citada Administración titular.

- Por último, e de acordo coa normativa urbanística, deberá presentarse a **documentación precisa para obter a licenza de obra ou, de tratarse dunha obra que precisa a presentación dunha comunicación previa, presentarse esta por parte da persoa solicitante.**

Solicitude de licenza municipal para a realización de obras

DESCRIPCIÓN

Estarán suxeitos a **licenza municipal**, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A primeira ocupación dos edificios.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

DOCUMENTACIÓN

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmoble a que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por persoa técnica competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará o persoal técnico a cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exigible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmoble en que se pretenda levar a cabo.
- No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente rematadas e se axustan á licenza outorgada.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exigibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude da licenza, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Cómpre ampliar esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZO

As peticións de licenza resolveranse no prazo de **3 meses** desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Porén, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos³.

OBRIGATORIO

Si, nos casos en que resultase preceptiva en función do acto que se pretenda realizar.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Comunicación previa para a realización de obras

DESCRIPCIÓN

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

- A execución de obras ou instalacións menores.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
- A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.

DOCUMENTACIÓN

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles á persoa solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento.
- Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.
- Data de inicio e finalización das obras.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

PRAZO

No caso das comunicacións previas urbanísticas, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicaráse ao concello a intención de levalo a cabo cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data en que se pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que conteña, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para realizar o acto que constituía o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

OBRIGATORIO

Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.

NORMATIVA

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 9/2021, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

Antes de presentar a solicitude de licenza ou a comunicación previa urbanística, a persoa promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixirase que o promotor ou promotora dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte do titular do dominio público.
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.

Neste sentido, cómpre reiterar que no suposto de que actividade se emprace en **solo rústico de especial protección**, de conformidade co establecido no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, e dos artigos 51.2 e 63.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, no solo rústico de especial protección será necesario obter a **autorización ou o informe favorable do órgano que teña competencia sectorial** correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.

Por outra banda, é preciso sinalar que a liquidación dos tributos correspondentes que resulten da implantación das instalacións obxecto do Decreto 45/2015 será responsabilidade da persoa promotora e **non será obxecto do**

procedemento de tramitación integrado, polo que resulta especialmente relevante **consultar as ordenanzas fiscais** do concello para os efectos de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, tivesen sido obxecto de acordo de imposición, debendo destacar os seguintes:

Aboamento da taxa de outorgamento de licenza/ presentación de comunicación previa

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

As entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

- Outorgamento das licenzas urbanísticas exixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.
- Outros supostos vinculados á prestación de servizos ou á realización de actividades administrativas de competencia local.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBRIGATORIO

Si

Naqueles concellos en que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Ordenanzas fiscais do concello.

Aboamento do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRIPCIÓN

- O ICIO é un tributo indirecto, de imposición potestativa, cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se exixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza, ou para a que se exixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control lle corresponda ao concello da imposición.

- Son suxeitos pasivos deste imposto os donos ou donas da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios/as do inmovible sobre o que se realice aquela, é dicir, quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.
- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra (custo de execución material), nos termos recollidos na normativa de facendas locais, e o tipo de gravame do imposto será o fixado por cada concello, sen que este tipo poida exceder o 4%.
- O concello poderá establecer bonificacións potestativas sobre a cota deste imposto, entre as que cabe destacar a posible existencia, se así se regula nas ordenanzas fiscais municipais, dunha bonificación de ata o 95% da cota a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias vinculadas, entre outros factores, ao fomento do emprego.
- O concello poderá exixir a autoliquidación por parte do suxeito pasivo ou do seu substituto.

En todo caso, deberá consultarse a normativa local aplicable.

DOCUMENTACIÓN

Documento de liquidación ou autoliquidación (se é o caso).

OBRIGATORIO Si

Naqueles concellos en que se acordase a súa imposición.

TRÁMITE EN LIÑA Si

A través das sedes electrónicas municipais (ou da deputación, se é o caso).

NORMATIVA

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Ordenanza fiscal do concello en cuestión.

Con todo, a persoa promotora deberá proceder á consulta, para o seu coñecemento, dos elementos doutros tributos municipais relacionados co posterior exercicio da actividade, que non se abordan neste catálogo, como poden ser o imposto sobre actividades económicas ou o imposto sobre bens inmovibles, entre outros.

O FORMULARIO NORMALIZADO PARA SOLICITAR O INICIO DO PROCEDIMENTO INTEGRADO

A solicitude para iniciar o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos realizarase a través do formulario normalizado que figura no anexo da Resolución do 12 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se regula a tramitación deste procedemento, que ten asignado o código IN642A.

Tamén se realizará, se é o caso, a través do procedemento IN642A a consulta previa á Administración titular da vía pública afectada para que informe sobre a viabilidade das instalacións.

IN642A - Procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos

ÓRGANO RESPONSABLE

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

DOCUMENTACIÓN

En función da solicitude que se presente, deberá achegar a documentación que a continuación se indica:

- No caso de consulta previa á Administración titular da vía:
 - ... Poder de representación da persoa solicitante ou representante.
 - ... Xustificación do cumprimento da lexislación de estradas.
- No caso de iniciación do procedemento integrado:
 - ... Poder de representación da persoa solicitante ou representante.
 - ... Proxecto único asinado por persoal técnico competente.
 - ... Relación de afeccións da instalación ou declaración responsable de non existencia de afeccións.
 - ... De ser o caso, separatas técnicas relativas ás afeccións.
 - ... Memoria ambiental.
 - ... Xustificación do cumprimento da lexislación de estradas.
 - ... Documentación para obter a licenza de obra ou comunicación previa.

OBRIGATORIO Si

TRÁMITE EN LIÑA Si

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN642A&ano=2018&numpub=1&lang=es>

PRESENCIAL Non

PRAZO DE RESOLUCIÓN

6 meses.

NORMATIVA

- Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos (DOG n.º 68, do 13 de abril de 2015).
- Resolución do 12 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o formulario normalizado e se regula a tramitación do procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos (DOG n.º 78, do 23 de abril de 2018).

6. ADMISIÓN DA SOLICITUDE E INTEGRACIÓN DOS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS NECESARIOS PARA A IMPLANTACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Se a solicitude de iniciación non reunise os requisitos exixidos, requirirase a persoa promotora para que, no prazo de 10 días, proceda á emenda ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, todo sen prexuízo da comprobación ulterior polos órganos sectoriais competentes do cumprimento das previsións exixidas na lexislación sectorial aplicable.

Unha vez admitido a trámite, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remitirá a solicitude, o proxecto único e a documentación que a acompaña aos seguintes órganos e entidades administrativas para que procedan a emitir os informes, autorizacións ou licenzas que en cada caso correspondan:

- Á **Administración titular da vía pública afectada** polo acceso á instalación de distribución polo miúdo.
- Ao **órgano ambiental competente** para os efectos da avaliación da incidencia ambiental, e ao competente para a avaliación do plan de vixilancia e control dos solos e das augas subterráneas asociadas, e do informe preliminar de situación do solo ao que se fai referencia no apartado nove deste catálogo.
- Ao **resto das administracións públicas, organismos e empresas de servizo público que poidan estar afectadas**, segundo a documentación achegada na solicitude.
- E, no caso da **Administración local** implicada, o órgano competente para tramitar o procedemento integrado procederá do seguinte xeito:
 - ... De tratarse dunha instalación que precisa licenza de obra, remitiráselle ao concello correspondente a solicitude e o proxecto único.
 - ... De tratarse dunha obra que precisa a presentación dunha comunicación previa, daráselle traslado ao concello correspondente.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais será o órgano designado para:

- Solicitalles aos órganos competentes que emitan os informes, autorizacións ou licenzas que procedan, de acordo coa lexislación sectorial, e que lle dean traslado dos requirimentos de emenda ou da solicitude de documentación complementaria para a súa notificación á persoa interesada.
- Manter informados os distintos órganos intervinientes no procedemento da emisión dos informes, autorizacións e licenzas que se producen.
- Notificarlles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos ditados polas distintas administracións públicas competentes sectorialmente que afecten aos seus dereitos e intereses.

7. FINALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO INTEGRADO E EXECUCIÓN DO PROXECTO ÚNICO

Unha vez emitidos os actos de autorización, informes ou licenzas preceptivas de acordo coa normativa aplicable ou transcorrido o prazo establecido na normativa sectorial para emitilos, o órgano competente ditará a resolución que poña fin ao procedemento integrado único, e na que se estimará ou non a viabilidade da implantación das instalacións, fixando as condicións aplicables para esta.

A continuación, a persoa promotora poderá comezar a executar as obras e, unha vez rematadas, tras ser dada de alta nos correspondentes rexistros dos cales se falará no seguinte apartado, deberá presentar comunicación de alta das instalacións nos rexistros correspondentes, e presentar ante o concello a comunicación previa para o inicio da actividade, sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoa técnica competente, así como, cando proceda, o certificado acústico⁴.

⁴ / Artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Comunicación previa para o inicio da actividade tras a realización de obras

XESTIÓN DO TRÁMITE

Administración local.

DESCRICIÓN

Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.

DOCUMENTACIÓN

- Datos de identificación da persoa titular.
- Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada.
- Certificado final de obra asinado por persoa técnica competente,
- Certificado acústico (cando proceda).

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

OBRIGATORIO

Si

A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.

TRÁMITE EN LIÑA

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

NORMATIVA

- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.
- Ordenanzas municipais aplicables.

8. INSCRICIÓN NO REGISTRO DE INSTALACIONES DE DISTRIBUCIÓN PELO MIÚDO DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS

A persoa titular da instalación de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos, logo da acreditación do cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios que resulten exixibles, deberá presentar unha comunicación de alta da instalación, segundo o modelo recollido pola Resolución do 14 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (DOG n.º 2, do 5 de xaneiro de 2021).

A presentación da comunicación comportará a inscrición de oficio da instalación no Rexistro de instalación de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos, sen supoñer esta inscrición un pronunciamento favorable da Administración sobre a idoneidade das instalacións respecto da normativa que lle sexa de aplicación.

Unha vez presentada a comunicación, poderase iniciar a actividade de distribución, sen prexuízo das facultades de verificación e control das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de industria.

No momento de presentar a comunicación/solicitud de inscrición, a persoa promotora deberá xuntar a documentación prevista na Resolución do 14 de decembro de 2020, coa excepción, segundo establece o artigo 11.2 do Decreto 45/2015, de que a persoa solicitante tivese seguido o procedemento integrado regulado nese decreto, suposto en que poderá presentar a resolución do procedemento único integrado polo que se estima a viabilidade da implantación, que servirá como achega documental ao expediente de xustificación do cumprimento dos trámites que comprende.

A prol da simplificación administrativa, a Administración autonómica pon á disposición da cidadanía un procedemento normalizado (IN624C) na sede electrónica da Xunta de Galicia no cal se pode levar a cabo a comunicación e a conseguinte inscrición no rexistro da instalación.

Ademais desta inscrición, a norma reguladora exige que deben levarse a cabo aqueloutras que sexan necesarias, consonte a lexislación vixente, segundo se dean cuestións como a inscrición de instalacións eléctricas de alta tensión, a distribución de bombonas de gas, o tratamento de residuos, etc., polo que a persoa promotora deberá consultar en cada caso o procedemento aplicable. As instalacións máis habituais susceptibles de rexistro e sometidas a lexislación específica de seguridade industrial son as de baixa tensión e contra incendios. As dúas contan con procedementos normalizados na sede electrónica da Xunta.

A continuación figuran fichas explicativas que amplían a información das actuacións mencionadas anteriormente. En primeiro lugar, figuran as actuacións previas, correspondentes ás instalacións de baixa tensión e contra incendios, como trámites previos. Recóllese tamén información sobre as taxas correspondentes.

ACTUACIONES PREVIAS

Inscripción das instalacións eléctricas de baixa tensión

IN614C - Rexistro de instalacións eléctricas de baixa tensión

ÓRGANO RESPONSABLE

Xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

DESCRIPCIÓN

Antes de proceder á solicitude de inscrición como instalación de distribución polo miúdo de produtos petroleiros líquidos, aqueles locais que teñan instalacións eléctricas ás que lles sexa de aplicación o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, antes da súa posta en servizo, deberán rexistrarse na correspondente xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación facendo uso deste procedemento.

DOCUMENTACIÓN

- Solicitude (anexo I dispoñible en sede electrónica).
- Proxecto e o certificado de dirección de obra asinado polo correspondente técnico ou técnica titulado, no caso de que as características das instalacións se encontren comprendidas nas indicadas no punto terceiro da Instrución técnica complementaria 04, Regulamento electrotécnico para baixa tensión (ITC-BT-04).
- Certificado de instalación emitido por persoa instaladora autorizado (modelo dispoñible en sede electrónica).
- Anexo de información á usuaria ou usuario e esbozo de trazado da instalación.
- Certificado de inspección inicial con cualificación de resultado favorable emitido por un organismo de control nos casos indicados no apartado 4 da ITC-BT-05.

Esta documentación presentarase tamén electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.

OBRIGATORIO

Si

Procedemento **IN614C**

PRAZOS

Previo

TRÁMITE EN LIÑA

Si

<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=IN&codProc=614C&procedemento=IN614C&lang=es>

PRESENCIAL

Non

NORMATIVA

- Orde do 23 de xullo de 2003 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento electrotécnico de baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.
- Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

TAXAS DE INSCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE BAIXA TENSIÓN

ÓRGANO RESPONSABLE	Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
DESCRICIÓN	<p>Este procedemento está suxeito ao pagamento das seguintes taxas:</p> <ul style="list-style-type: none">• Inscrición en rexistros oficiais. Primeira inscrición. Modificacións da primeira inscrición.• Código da taxa: 30.02.00.• Inscrición no Rexistro de instalacións eléctricas receptoras (código da taxa: 32.19.04). <p>Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace: http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3.</p>
TRÁMITE EN LIÑA Si	<p>https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0.</p> <p>Indicamos a ligazón á páxina da ATRIGA, pero a persoa interesada pode realizar o pagamento destas taxas na sede electrónica como un dos pasos da tramitación en liña do propio procedemento de inscrición.</p>

Inscrición das instalacións contra incendios

IN620A - Rexistro de instalacións contra incendios

ÓRGANO RESPONSABLE	Xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
DESCRICIÓN	<p>Antes de proceder á solicitude de inscrición como instalación de distribución polo miúdo de produtos petrolieros líquidos, aqueles locais que teñan instalacións ás que lles sexa de aplicación o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais, antes da súa posta en servizo, deberán rexistrarse na correspondente xefatura territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, facendo uso deste procedemento.</p>
DOCUMENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Instalacións que requiren a presentación do proxecto:<ol style="list-style-type: none">a) Solicitude normalizada (modelo dispoñible en sede electrónica).b) CIF/NIF da persoa titular da instalación.c) Proxecto da instalación de PCI (específico ou extracto do proxecto do establecemento).d) Certificado de dirección de obra asinado por persoal técnico titulado competente.e) Certificado da empresa instaladora autorizada asinado pola persoa técnica titulada competente respectiva.• Instalacións que requiren a presentación dunha memoria técnica (establecementos industriais de risco intrínseco baixo e superficie útil inferior a 250 m²):<ol style="list-style-type: none">a) Solicitude normalizada (modelo dispoñible en sede electrónica).b) CIF/NIF da persoa titular da instalación.c) Memoria técnica da instalación de PCI asinada polo persoal técnico titulado competente (modelo dispoñible en sede electrónica).d) Certificado da empresa instaladora autorizada asinado pola persoa técnica titulada competente respectiva.

OBRIGATORIO	Si	Procedemento IN620A
PRAZOS	Previo	
TRÁMITE EN LIÑA	Si	https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=IN&codProc=620A&procedemento=IN620A .
PRESENCIAL	Non	
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none"> Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais (BOE núm. 303, do 17 de decembro de 2004).

TAXAS DE INSCRICIÓN DE INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

ÓRGANO RESPONSABLE		Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
DESCRICIÓN		<p>Este procedemento está suxeito ao pagamento das seguintes taxas:</p> <ul style="list-style-type: none"> Inscripción en rexistros oficiais. Primeira inscrición. Modificacións da primeira inscrición. Código taxa: 30.02.00. Inscripción no Rexistro de instalacións de protección contra incendios (código da taxa: 32.19.11). <p>Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace: http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3.</p>
TRÁMITE EN LIÑA	Si	<p>https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0.</p> <p>Indicamos a ligazón á páxina da ATRIGA, pero a persoa interesada pode realizar o pagamento destas taxas na sede electrónica como un dos pasos da tramitación en liña do propio procedemento de inscrición.</p>

INSCRICIÓN COMO INSTALACIÓN DE DISTRIBUCIÓN POLO MIÚDO DE PRODUTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS. SUBMINISTRACIÓN A VEHÍCULOS

A continuación recóllense os aspectos máis relevantes da inscrición, facendo novamente fincapé en que, se a persoa solicitante seguiu o procedemento integrado regulado Decreto 45/2015, do 26 de marzo, poderá presentar a resolución do procedemento único integrado, polo que se estima a viabilidade da implantación, que servirá como achega documental ao expediente de xustificación do cumprimento dos trámites que comprende. O incumprimento das condicións establecidas na resolución do procedemento ou na resolución da inscrición no rexistro ou de calquera outro incumprimento da lexislación vixente dará lugar á revogación da inscrición.

A inscrición tamén será revogada cando fosen revogadas as autorizacións administrativas precisas ou deixase de funcionar a instalación durante un ano continuado.

Inscrición no Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos. Subministración a vehículos

Inscrición no Rexistro de instalacións de distribucións polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos. Subministración a vehículos IN624C

ÓRGANO RESPONSABLE		Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
DESCRICIÓN		A persoa titular da instalación, unha vez finalizada a súa execución e previamente á súa posta en servizo, deberá presentar unha comunicación de forma previa ao inicio da actividade.
DOCUMENTACIÓN		a) Comunicación (anexo I da Resolución do 14 de decembro de 2020). Acceso directo en sede electrónica. b) Dirección de obra. c) Certificado de probas de resistencia e estanquidade antes de soterrar as canalizacións. d) Certificado de instalación emitido por unha empresa instaladora habilitada. e) Aprobación de modelo e de verificación primitiva ou declaración de conformidade CE para os aparellos surtidores. f) Contrato de subministración en exclusiva ou de outorgamento do título que confira a xestión directa ou indirecta da instalación, de ser o caso. Esta documentación presentarse tamén electronicamente.
OBRIGATORIO	Si	Procedemento IN624C .
PRAZOS		Procedementos administrativos de prazo aberto.
TRÁMITE EN LIÑA	Si	https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN624C&ano=2021&numpub=1&lang=es
PRESENCIAL	Non	
EFFECTOS		<ul style="list-style-type: none">• Condición necesaria para a posta en funcionamento das instalacións. A presentación da comunicación comportará a inscrición de oficio da instalación no rexistro.
NORMATIVA		<ul style="list-style-type: none">• Artigo 11 do Decreto 45/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o procedemento integrado para a implantación de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, a súa posta en funcionamento e se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de hidrocarburos.• Resolución do 14 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se regula, entre outros, o procedemento IN624C.

9. INFORMACIÓN EN MATERIA DE SOLOS E COMUNICACIÓN DE PRODUCCIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS

A persoa promotora deberá ter en conta as obrigas en materia de solos que afectan ás instalacións deste tipo. Tanto o artigo segundo do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados coma o artigo 54 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia establecen as actividades que teñen a consideración de potencialmente contaminantes do solo.

Entre os supostos recollidos nos citados artigos, atópase a actividade de "comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados" (CNAE: 47.30), a cal está incluída no anexo I do Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados, e polo tanto **ten a consideración de actividade potencialmente contaminante do solo.**

Por outra banda, o apartado 7 do artigo 55 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia establece que os suxeitos titulares das actividades potencialmente contaminantes do solo están obrigados a adoptar as medidas que se impoñan e que sexan necesarias para **evitar a aparición de accións contaminantes e, de ser o caso, evitar, controlar ou minimizar os efectos derivados destas.**

A **Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático** é o órgano competente para resolver estes procedementos, de conformidade co establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e na disposición transitoria segunda do Decreto 130/2020, de 17 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia.

Para o cumprimento das obrigas en relación coa lexislación de solos, as instalacións de subministro de combustible a vehículos (estacións de servizo) deberán, de acordo a normativa mencionada:

- Dispoñer dun **plan de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas**, que deberá ser aprobado polo órgano competente con carácter previo á súa execución.
- Presentar un **Informe Preliminar de Situación do Solo (IPS)** co contido mínimo establecido no artigo 5.5. do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro para a citada instalación.

Para a elaboración do IPS poderá empregarse a aplicación telemática dispoñible, para o que deberá darse de alta como usuario e seguir as indicacións. A páxina web para o acceso á aplicación é a seguinte:

<http://solos.medioambiente.xunta.es>.

Nela atópase un manual de usuario que recolle os pasos a seguir para realizar o informe preliminar de situación.

FORMULARIOS SEDE ELECTRÓNICA

- **Procedemento "MT202G"** para presentar o documento de declaración para o acceso á plataforma informática de solos para a posterior elaboración do informe preliminar.
- **Procedemento "MT202H"** para presentar o informe preliminar elaborado. Deberá remitirse o xustificante obtido do aplicativo de solos.

TAXA ADMINISTRATIVA

Código: 32.81.00

Denominación taxa: Informes preliminares de situación e informes de situación en materia de solos contaminados

REXISTRO DE PRODUTORES DE RESIDUOS

Estas instalacións teñen a consideración de pequenos produtores de residuos perigosos, polo que deberán solicitar a correspondente inscrición no Rexistro de produtores e xestores de residuos de Galicia, con carácter previo ao inicio da súa actividade segundo o seguinte procedemento.

Comunicación de produción de residuos perigosos en cantidade inferior a 10 t/ano MT986H

ÓRGANO RESPONSABLE

O Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda correspondente á provincia onde se sitúe o centro de traballo no que se producen os residuos.

No caso de que a actividade obxecto de notificación se desenvolva en varios centros de traballo situados en diferentes provincias, a tramitación do procedemento corresponderalle á Xefatura Territorial da provincia onde estea domiciliada a empresa. Nos supostos de que a sede social da empresa se atope fóra de Galicia ou naquelas empresas que obtivesen autorización para o tratamento de residuos e que, como consecuencia da súa actividade, xeren residuos, o órgano tramitador será o Servizo de Residuos, dentro da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

DESCRIPCIÓN

Inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia das entidades ou empresas que vaian proceder á instalación, ampliación, modificación substancial ou traslado dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de industrias ou actividades nas que se produzan menos de 10 toneladas anuais de residuos perigosos.

DOCUMENTACIÓN

- Formulario de comunicación (anexo I).
- Datos de identificación do centro ou actividade produtora e cantidade estimada de residuos que se ten previsto producir anualmente, coa súa identificación segundo o anexo III da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e o anexo 2 da Orde/MAM/304/2002, do 8 de febreiro (anexo II-PP).

- Aclaración dos códigos LER-RAEE da solicitude segundo a táboa do anexo VIII do Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos electrónicos, só no caso de que a solicitude presente este tipo de residuos.
- Numero de identificación fiscal (NIF) da empresa ou, se é o caso, do solicitante (só no caso de non autorizar a consulta).
- Xustificante do pago da taxa administrativa.

OBRIGATORIO Si

Procedemento **MT986H**.

PAZOS

Procedemento administrativo de prazo aberto.

TRÁMITE EN LIÑA Si

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MT986H&ano=2016&numpub=1&lang=gl>

PRESENCIAL Non

EFFECTOS

- A comunicación terá efectos dende o momento en que se presenta, non obstante, a administración ten que comprobar o cumprimento dos requisitos por parte do solicitante, de modo que no caso de que o solicitante non os cumpra, comunicáraselle que non procede a inscrición en tanto non emende as deficiencias detectadas.
- Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, emitirase un escrito na que se comunique ao interesado o número da súa inscrición.

NORMATIVA

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

TAXA DE INSCRICIÓN DE PEQUENO PRODUTOR DE RESIDUOS PERIGOSOS

ÓRGANO RESPONSABLE

Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

DESCRICIÓN

Este procedemento está suxeito ao pagamento das seguintes taxas:

- Inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace:

<http://www.atriga.gal/documents/16561/30785634/Anexo3-Tarifas-2021-gl.pdf/3a13a60b-d867-412f-93e8-81c311d244f5>

TRÁMITE EN LIÑA Si

https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Pago+de+taxas+e+prezos/11609730/4126995/11609860/1.8/item-dark-blue/tab/tab#0

ANEXO I. LIMITACIÓN AOS VÍNCULOS CONTRACTUAIS DE SUBMINISTRACIÓN EN EXCLUSIVA

Resulta necesario que a persoa promotora teña coñecemento previo das disposicións referidas aos acordos de subministración que se celebren entre os operadores por xunto e os propietarios de instalacións para a subministración de vehículos, que se atopan na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Como aspectos básicos, a persoa promotora deberá ter en conta que os vínculos contractuais de subministración en exclusiva deberán cumprir as seguintes condicións:

a) A duración máxima do contrato será dun ano. Este contrato prorrogarase por un ano, automaticamente, por un máximo de dúas prórrogas, salvo que o distribuidor polo miúdo de produtos petrolíferos manifeste, cun mes de antelación como mínimo á data de finalización do contrato ou de calquera das súas prórrogas, a súa intención de resolvelo.

b) Non poderán conter cláusulas exclusivas que, de forma individual ou conxunta, establezan, recomenden ou incidan, directa ou indirectamente, no prezo de venda ao público do combustible.

Consideraranse nulas e teranse por non establecidas aquelas cláusulas contractuais contrarias ás condicións sinaladas.

Os operadores por xunto serán os encargados de lle comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a subscripción deste tipo de contratos, incluída a data da súa finalización, a cal será publicada na web oficial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

ANEXO II. OBRIGAS DERIVADAS DA LEI 7/2021, DO 20 DE MAIO, DE CAMBIO CLIMÁTICO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA.

Á hora de implantar novas instalacións deste tipo deberá terse en conta o establecido na lexislación estatal en materia de cambio climático con respecto a obrigatoriedade de instalar un punto de recarga eléctrica. En concreto, o artigo 15.5 de la Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética determina o seguinte:

“A partir de 2021, quen ostenten a titularidade das instalacións novas de subministración de combustible e carburantes a vehículos ou que acometan unha reforma na súa instalación que requira unha revisión do título administrativo, independentemente do volume anual agregado de vendas de gasolina e gasóleo da instalación, instalarán polo menos unha infraestrutura de recarga eléctrica de potencia igual ou superior a 50 kW en corrente continua, que deberá prestar servizo desde a posta en funcionamento da instalación ou finalización da reforma da mesma que requira unha revisión do título administrativo”.

Este documento é redactado, con fins meramente informativos, pola Vicesecretaría Xeral de Apoio á Empresa, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.

